

## Comentarios postos no blog do Sánchez Cantón no curso 2012-2013

### Investigación 091

"Investigación 091" é un libro moi interesante por moitas cousas. Unha das que máis me gusta é a maneira na que está escrito. Ten tres partes ben diferenciadas polo seu narrador. Na primeira parte é Xabier, un rapaz que por unha hepatitis ten que quedar na cama durante un mes. É quen comeza a relatar a historia e grazas a el sabemos de acontecementos moi importantes que el ve pola súa fiestra. A segunda parte é, en realidade, un conxunto das vivencias de numerosos personaxes, narradas en primeira persoa, e que nos achegan todos os seus pensamentos e o seu punto de vista ante os acontecementos que están a suceder. Finalmente a terceira parte é o desenlace dos feitos narrados en boca de Manolo, un profesor de instituto de Xabier e investigador da vila. O escritor adecúa moi ben a fala dos personaxes coa súa cultura e co mundo no que se desenrolan. Os matóns e os traficantes falan cunha linguaxe máis vulgar. Manolo e os adultos cunha linguaxe culta e coidada para cada situación, mentres que Xabier e máis os seus amigos empregan termos da xerga xuvenil. Outra cousa que tamén me gustou moito son os personaxes. Aparecen moitísimos e todos achegan algo á trama, todos interveñen nela e axudan a que esta se descubra. Cada personaxe expresa o que el pensa sobre os feitos narrados e sobre o tema do contrabando. A derradeira cousa que me gustou do libro é o tema que trata. Sobre o contrabando de tabaco e droga en Galicia e os conflitos que isto provoca entre os implicados neste mundo. Á súa vez, tamén fala sobre os problemas que teñen que aturar os inocentes que viven nestas zonas e que, xeralmente, se ven metidos alí por calquera erro. O autor trata moi ben este tema xa que é a base da historia, mais tamén o mestura con outros elementos non tan violentos como o mundo dos rapaces ou o amor entre Manolo e unha xornalista da vila. Elementos moi ben enlazados para crear unha historia moi fluída e entretida de ler, na que a acción avanza rapidamente. Por poñerlle unha pega ao libro, o final é ... Xa case dende o inicio do libro ... Pola contra isto non fai que perdas as ganas de rematalo porque si que algunhas cousas non teñen un remate tan sinxelo. (**Andrés**)

É un libro no que se trata un tema de total actualidade como é o contrabando de drogas, tabaco e alcohol, como a violencia e a corrupción. Dos personaxes non se pode falar de protagonistas e secundarios, xa que, ao comezo o narrador é Xabier e conta todos os seus pensamentos e os acontecementos que presencia mirando pola fiestra, debido a que sofre unha hepatitis. Pero non pasa moito tempo, cando sen previo aviso o narrador, e o protagonista pasa a ser Luís, o pai de Xabier, ao que lle chegan diversas ameazas, para que deixe de escribir informes no xornal. Mais aí non acaba todo porque dende aí ata o final, o que vai narrar a historia é Manolo, un profesor do instituto de Xabier e tamén coñecido investigador da vila. Que á vez que vai dando cos sospeitosos do caso, tamén coñece e namórase da tía da "futura noiva" de Xabier, que á súa vez era reporteira e estaba moi interesada no caso. Este continuo cambio de protagonista fai que semelle todo máis confuso e custe un pouco máis ou que haxa que prestar un pouco máis de atención para comprender a meirande parte dos acontecementos. Non é boa idea poñerse a describir a todos os personaxes porque aparecen un montón de eles, pero por nomear a algún sería: Manolo: actúa con moita intelixencia e moi cauteloso na resolución do caso. Nótase que ten experiencia no oficio. Ademais pode ser moi romántico cando a situación o require, como fixo con Rosa.

Rosa: é unha rapaza constante no seu traballo de reporteira e que o tomaba moi en serio. Estaba emocionada con poder escribir unha reportaxe sobre o contrabando en Galicia. Esa oportunidade brindoulla Manolo.

Xabier: un rapaz de mente esperta que precisa estar enteirado de todo o que acontece ou ben por medio da radio, ou ben por medio dos seus compañeiros de clase. Xa que non se pode mover da súa cama nun mes, isto fastídiava enormemente. Como calquera mozo, está namorado dunha rapaza á que lle deran unha malleira que non merecía.

A historia en si é entretida, pero os finais ... Aínda así gustoume, e sobre todo fíxome graza como se formara a trama entre o alcalde, o dono do bar, o director do instituto, etc, sen que ningún quixera estar nela pero todos beneficiándose das súas consecuencias. (**Clara**)